



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TOURO

Anuncio nomeamento funcionario administrativo

EXPEDIENTE 2022/E001/000002: PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE FUNCIONARIO/A DE CARREIRA DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2021.

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía núm. 366/2023 de data 27 de decembro de 2023 resolveuse

PRIMEIRO. De conformidade co establecido no artigo 7 das Bases que rexen a convocatoria (BOP núm. 37 de 23.02.2023), vista a proposta do Tribunal, e visto que a persoa aspirante posúe os requisitos esixidos nas Bases, nomear a José Ramón Casal Orza, con D.N.I. ***8049**, funcionario de carreira, polo sistema de promoción interna, da escala de administración xeral, subescala administrativa, grupo C1, código de RPT 01.01.00.02 correspondente á oferta de emprego público de 2021.

SEGUNDO. De acordo coas Bases, o prazo para tomar posesión será dun mes dende a notificación do nomeamento á persoa interesada, supoñendo a falta deste requisito a renuncia ao emprego.

TERCEIRO. Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá ser recorrida potestativamente en reposición ante esta Alcaldía no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben poderá ser impugnada directamente perante a xurisdición Contencioso-Administrativa no prazo de dous meses, a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo con o disposto no artigo 11.1.a) da Lei reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa do 13 de xullo de 1998.”

Touro 27 de decembro de 2023.

O Alcalde

Roberto Castro Rocamonde

2023/10187